

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 19.12.2025

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de decembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

20819 (12/CPC-000059)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Comercio e Consumo, por petición propia, para
informar sobre o Plan estratéxico do comercio 2025-2030
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f2, do 05.03.2025

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 1676 (12/PNC-000198)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego relativa ao impulso da
construción do gasoduto Guitiriz-Zamora
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024
- 2.2 21997 (12/PNC-002058)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de
Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 179f1, do 26.03.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás propositions non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2025

Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Sanz Arias	P
Vicepresidente	
Miguel Fidalgo Iglesias	P
Secretario	
Ramón Tomás Fernández Alfonzo	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Saleta Chao Rivas	BNG
José Manuel Golpe Acuña	BNG
Carmela González Iglesias	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Rubén Lorenzo Gómez	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Ángel Rodríguez Conde	P
Moisés Rodríguez Pérez	P
Brais Ruanova Vilas-Boas	BNG
Borja Vereas Fraiz	P
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 19.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 19.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 20819(12/CPC-000059)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Comercio e Consumo, por petición propia,
para informar sobre o Plan estratéxico do comercio 2025-2030

Publicación da iniciativa, 167f2, 05.03.2025

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- do Director xeral de Comercio e Consumo para informar sobre o ***Plan Estratéxico do Comercio 2025-2030***.

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSX-REVPG-mf6QDhUg
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitea330/>
Código: 729e20b3-e624-7844-aa03-d88d49591c13



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
26/02/2025 12:15:05

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2025 12:15:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 12:15:09
Nº Rexistro: 20819
Data envío: 26/02/2025 12:15:09.076



CSV REXPO-mfp6QhU-9
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 19.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 19.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1676(12/PNC-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego relativa ao impulso da construción do gasoduto Guitiriz-Zamora

Publicación da iniciativa, 16f2, 24.04.2024



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2024 10:58:58
Nº Rexistro: 1676
Data envío: 12/04/2024 10:58:58,232

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación do gasoducto Guitriz – Zamora e a súa inclusión no corredor europeo BarMar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hidróxeno verde está chamado a ser un vector enerxético de primeira magnitude. A súa aplicación como almacén enerxético vai xogar un papel significativo, tanto no sector eléctrico, como na mobilidade; pero tamén nas súas aplicacións térmicas mesturado con outros gases.

Galiza, territorio transformado de enerxía, non é allea a este novo actor do sector enerxético, e proba disto son os diversos proxectos de xeración de hidróxeno verde que están proxectados na nosa comunidade, onde destacan as iniciativas de H2 Pole (Reganosa e EDP Renovables), Julio Verne (Autoridade Portuaria de Vigo), A Coruña Green Port H2 Mobility (Enerfin), H2 Galicia (Foresa e Iberdrola) e o plan de produción de hidróxeno verde a partir de fotovoltaica para a área portuaria de Bouzas.

Todos estes proxectos precisan dunha infraestrutura que permita evacuar o hidróxeno xerado cara as redes de distribución que permita comercializar o gas xerado, establecer sinerxías con mercados e clientes potenciais e mesmamente avanzar na investigación e desenrolo de novos sistemas de xeración e distribución de hidróxeno.

CSM-REXISTRO-1676-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2024 10:58:58
Nº Rexistro: 1676
Data envío: 12/04/2024 10:58:58.232

A Xunta de Galicia, a través de Reganosa, propuxo a creación da interconexión Guitriz – Zamora, a través dun gasoduto que de acceso á rede galega de gasodutos ao primeiro corredor de hidróxeno renovable da Unión Europea (UE), bautizado como “H2Med” e nomeado agora como “BarMar”. á convocatoria para Proxectos de Interese Común (PCI, polas súas siglas en inglés) co obxectivo de obter financiamento comunitario.

Logo da venda dos activos de distribución gasista de Reganosa a Enagás, esta última adquiriu o compromiso da promoción do gasoduto Guitriz-Zamora, mesmamente aínda que este non se inclúa nos proxectos PCI, e así figura na páxina web da compañía: <https://www.enagas.es/es/sala-comunicacion/actualidad/notas-prensa/hidroducto-guitriz-zamora/>

*Después de que este proyecto fuese presentado a la convocatoria de PCI por Reganosa en diciembre de 2022, las dos compañías cerraron un acuerdo en septiembre de este año 2023 por el que **Enagás ha pasado a ser el promotor del eje Guitriz-Zamora**. La compañía continuará impulsando y desarrollando los trabajos necesarios para poner en marcha el proyecto de este hidroducto, al mismo tiempo que el resto de los ejes de la Red Troncal Española de Hidrógeno.*

Enagás promoverá el desarrollo de proyectos como el de Guitriz-Zamora y otros, que tras el análisis de los resultados de la Call For Interest, se consideren necesarios en la Red Troncal Española de Hidrógeno para atender la demanda nacional en España, independientemente de su inclusión en la lista de PCI.

O Regulamento (UE) 2022/869 establece un marco para a determinación, planificación e execución dos proxectos de interese común ("PIC") necesarios para implantar os once corredores xeográficos prioritarios de infraestruturas enerxéticas estratéxicas determinados nos ámbitos da electricidade, redes marítimas, hidróxeno e electrolizadores, e os tres ámbitos prioritarios das infraestruturas enerxéticas a nivel da





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 12/04/2024 10:58:58

Nº Rexistro: 1676

Data envío: 12/04/2024 10:58:58.232

Unión (redes eléctricas intelixentes, redes de gas intelixente e redes de transporte de dióxido de carbono). Tamén establece un marco para a identificación, planificación e execución de proxectos de interese mutuo ("PIM") desenvolvidos pola Unión xunto con terceiros países nos ámbitos das redes de transporte de electricidade, hidróxeno e dióxido de carbono.

Este regulamento foi modificado polo Regulamento Delegado (UE) 2024/1041 Da Comisión dende o 28 de novembro de 2023, no que se refire á lista da Unión de proxectos de interese común e proxectos de interese mutuo. Esta Regulamento Delegado non inclúe o gasoduto Guitriz – Zamora como Proxecto de Interese Común.

Diante da constatación da falla de financiamento europeo, para a construción desta infraestrutura clave no desenrolo do hidróxeno verde en Galiza, así como da falta de información fiable sobre os acordos Reganosa – Enagás compre ter a certeza sobre do futuro deste gasoduto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar a construción do gasoduto Guitriz-Zamora.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña

Ramón Fernández Alfonzo

Brais Ruanova Vilas-Boas



CSV REXISTRO-1676-1

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2024 10:58:58
Nº Rexistro: 1676
Data envío: 12/04/2024 10:58:58.232

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Mauel Golpe Acuña na data 12/04/2024 10:51:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2024 10:57:11

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 12/04/2024 10:58:09

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2024 10:58:25



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 19.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 21997(12/PNC-002058)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao
Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade
Recursos de Galicia

Publicación da iniciativa, 179f1, 26.03.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21997
Data envío: 19/03/2025 16:11:49.322

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

A política enerxética e industrial do goberno non é recoñecible no noso país, porque está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. O Goberno galego non está a liderando a transición enerxética e facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país. Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental. Este caos, sen precedentes, na paralización do desenvolvemento eólico en Galicia é responsabilidade exclusiva do Goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Ademais, o Goberno galego optou pola privatización na xestión dos nosos recursos naturais, xa que se substitúe a política pública enerxética pola xestión

CSM-REVPG-PCY9MgX1-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21997
Data envío: 19/03/2025 16:11:49.322

a través dunha sociedade privada, a sociedade de Recursos de Galicia- RdeG- na que a Xunta de Galicia ten o 30 % do capital social.

Foi a través dos medios de comunicación - o 14 de novembro de 2023- cando coñecemos a noticia da creación da sociedade público- privada- que nace “baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia” ó acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e “garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”.

Segundo as novas, sempre por medios de comunicación a empresa Sociedade de Recursos de Galicia- en adiante RdeG- constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Coa sociedade RdeG xa constituída, tramitouse logo no Parlamento o Proxecto de lei para promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. Polo tanto, creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico. Esta forma de proceder amosa unha falta de respecto polo funcionamento democrático das institucións e do control que debe exercer o poder lexislativo ao executivo galego.

A Lei 2/2024, do 7 de novembro, xa en vigor, foi aprobada unicamente cos votos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e pretendeu avalar legalmente a creación opaca da sociedade RdeG, que se artellou precisamente para fuxir do entorno de control público e da rendición de contas da devandita

CSV REXPG-PCUJ9MgX1-6
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21997
Data envío: 19/03/2025 16:11:49.322

sociedade, ao amparo do artigo 102 da Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA).

Pola vía do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para poder exercer o noso labor de fiscalización do Goberno galego, solicitamos, ata en nove ocasións, o expediente de creación, así como as sucesivas modificacións societarias de RdeG. A día de hoxe, segue sen remitirse o expediente administrativo que debe obrar en poder da Consellería de Facenda, ao amparo do artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Consellería de Facenda e á Sociedade de Recursos de Galicia para que remita á Cámara galega un informe completo de:

- Creación, modificacións societarias, ampliacións de capital, así como as subscricións de capital desembolsado polos accionistas dende a súa creación, de conformidade co previsto no artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.
- Procedementos de selección do CEO e do persoal directivo da Sociedade de Recursos de Galicia, así como a relación anonimizada do cadro de persoal contratado, dende a súa creación.
- Contratación de consultaría e asistencia técnica subscritos pola Sociedade de Recursos de Galicia, dende a súa creación.
- Rendición de contas anuais e as auditorías de contas da Sociedade de Recursos de Galicia.

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025

CSV REXPG-PCUJ9MgX1-6
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21997
Data envío: 19/03/2025 16:11:49.322

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 15:41:15

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 15:43:55

Lara Méndez López na data 19/03/2025 15:44:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 15:44:15



CSV REXISTRO-PCUJ9MgX1-6
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG

